Convocatoria de prensa
11.11.2026

As XXIII Xornadas Técnicas de Seragro comezan mañá na Facultade de Veterinaria de Lugo

O **auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo** acollerá mañá, xoves 12 de novembro, a inauguración das XXIII Xornadas Técnicas de Vacún de Leite de Seragro, que se desenvolverán durante dúas xornadas, o 12 e o 13 de novembro, coa participación de especialistas nacionais e internacionais e profesionais do sector gandeiro.

A **inauguración oficial terá lugar ás 10:00 horas** da man de José María García Nieto, presidente de Seragro; Fernando Muñoz Guzón, decano da Facultade de Veterinaria de Lugo, e Francisco Cajoto Caserío, deputado de Recursos Sostibles da Deputación de Lugo, e dará paso a un amplo programa de relatorios centrados no benestar animal, a saúde podal, a reprodución, a alimentación, a bioseguridade, a sostibilidade e a eficiencia produtiva das explotacións.

A primeira xornada contará coas intervencións de Rebeca Morales, Javier Sáez, Mayra Elena Ortiz, Álex Udina, Francisco Morell, Sara Hontoria, Gregorio Salcedo e Adolfo Álvarez. O programa comezará ás 10:30 horas coa análise dos criterios de benestar animal para avaliar o descanso das vacas e continuará ata as 18:00 horas, momento no que se celebrará o habitual encontro gandeiro.

O venres 13, as sesións retomaranse ás 11:00 horas e combinarán os relatorios técnicos con experiencias prácticas de explotacións galegas e asturianas. A clausura celebrarase ás 18:00 horas co tradicional brinde do leite.

A asistencia ás xornadas é gratuíta. O programa completo está dispoñible en www.xornadasseragro.com.

Para máis información:
Transmedia Comunicación
Gabinete de comunicación de Seragro
982 22 12 78 · transmedia@ctransmedia.com